


Libro da Memoria

Ilustrado polo alumnado das aulas Coralia e Maruxa (cursos 2019-22)



Libro da Memoria

Ilustrado polo alumnado das aulas Coralia e Maruxa (cursos 2019-22)



Estimadas familias

Achegámosvos o noso Libro da Memoria. Naceu querendo que o noso alumnado descubra, disfrute e se incorpore á cultura que lles pertence.

Pensamos que é moi importante para eles e elas traer e compartir na aula a historia propia e a tradición oral pareceunos o medio idóneo.

Consideramos ademais, como mestras, que é responsabilidade do sistema educativo valorar, asumir, analizar e perpetuar tradición oral, por formar parte da identidade de cada pobo.

Deste xeito, coa axuda das familias, no curso 2017/18, empezamos a elaborar unha proposta para recoller os arrollos, trabalinguas, ditos... que se lembraban nas casas do noso alumnado. Este foi, e é, o noso libro de cabeceira para traballar a tradición oral e para dála a coñecer nos tres cursos do segundo ciclo de Educación Infantil. Forma parte dunha compilación máis ampla que se fixo neste curso 2021-2022, na que participaron todos os niveis educativos, grazas á iniciativa do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro.

Moitos destes textos líricos foron escritos pensando nas nenas e nos nenos e outros téñenos/as como protagonistas ou obxecto. Debido a súa forma sinxela e o ritmo moi marcado, o noso alumnado axiña se fai con estes textos tradicionais e comeza a empregalos nos seus xogos. Ademais, como en calquera texto poético, está presente a emoción e o sentimento.

Empezan coñecendo o mundo coas cancións de arrolar ou a exercitar movementos coas mans e cos dedos para despois atoparlle utilidade para botar sortes, desenvolver diferentes xogos, facer adiviñas...

Este Libro da Memoria forma parte, ademais, dun marco máis amplo: o noso proxecto de traballo **Sentindo en Feminino**, no que queremos centrarnos na figura da muller como transmisora de cultura e unha parte importante desa transmisión cultural é a tradición oral.

Moitas grazas a todas e a todos por colaborar con nós todos estes anos!



Coordinación da publicación:

Fátima Rodríguez Eiroa e Rosa E. Suárez Veiga

Mestras de Educación Infantil do CEIP López Ferreiro

Publicación realizada ca colaboración da área de didáctica
da expresión plástica da Facultade de Ciencias de Educación:

Cristina Trigo Martínez

Profesora da Universidade de Santiago de Compostela

Deseño e maquetación:

Benjamin Carter


Estudante con bolsa de colaboración no Departamento
de Didácticas Aplicadas da Universidade de Santiago de Compostela

© Marzo, 2022



Índice

| | |
|---|----|
| 1. Arrolos | 8 |
| 2. Trabalinguas..... | 14 |
| 3. Fórmulas de Xogo e Sortes | 22 |
| 4. O Espazo, o Tempo e os Ciclos Festivos | 46 |
| 5. Adiviñas | 56 |
| 6. Outros Ditos e Refráns | 64 |



1. Arrollos

Sono, soniño
ven a este olliño,
péchamo pronto
e pasa para o outro.

Esta nena ten soniño
tenche gañas de durmir,
ten un olliño pechado
outro non o pode abrir.

Pedro Chosco é o meu amigo
que me vén visitar:
cando Pedro chosco vén
son horas de me deitar.



E, neniño, e,
zapato no pé,
teu pai vai na vila
a mercar café.

Arrurrú, arrurú,
zapato bicado,
farrapo no cu.

Durme meu neno,
durme meu sol.

Durme pedazo
do meu corazón.

Durme, miña xoia,
durme, meu cariño,
que cando despertes,
has ter aloumiños.





2. Trabalinguas

Xan, di a Xan
que lle diga a Xan
que está Xan na porta.
Xan di a Xan
que lle diga a Xan
que vaia abrir a porta
que Xan á porta está.

Se vou a Bueu nun bou,
vou nun bou.

Se non vou nun bou
Non vou a Bueu nun bou.



Perexil comín,
perexil ceei,
e de tanto perexil
emperexilei.

Do queixo non che me queixo
que o queixo ben che me sabe
quéixome do que mo vende
que non mo deixa de balde.

Un tigre,
dous tigres,
tres tigres,
comían trigo,
nun trigal.



Nai e filla,
foron á misa.
nai pisa palla,
filla palla pisa.

Merlo, perlo, peludo pelado
e polo lombo pepenicado,
vai criar os teus merlos perlos
peludos, pelados
e polo lombo pepenicados.




Gancho reviragancho
que tanto reviragancheaches,
deixa que te desreviraganchees
con este desreviraganchiño.


As táboas do meu balcón
moi mal entablicuadrilladas son.
Vou chamar ao entablicuadrillador
que veña entablicuadrillalas mellor.



Collín cordóns,
cordóns collín.
Pola rúa corrín,
cordóns collín.



3. Fórmulas de Xogo e Sortes



Pita cega
que perdiches?
Unha agulla e un dedal
pois dá tres voltas
que os atoparás.

- Canto pesas?
- Mil artesas.
- Canto vales?
- Mil reales.
- Tírate alá, que non os vales.

-En que estás?

-En tamborete.

-E que comes?

-Pan e molete.

-E darás algo?

-Darei, darei.

-Baixa ti


-que eu subirei.

Man morta, man morta

Peta na túa porta.

Eu pedínlle leite á vaca,
A vaca pediume herba,
a herba pediume prado,
o prado pediume rega.



Rabo de boi,
rabo de besta,
dixo meu pai,
que estaba nesta.



Este é o dedo meiniño,
este é o seu sobriño,
este é o pai de todos,
este é o fura-bolos,
este é o mata-piollos.

Arriba!

Fol de media libra.




Manoliño foi ao viño,
rompeu o xerro no camino,
pobre xerro,
pobre viño,
pobre cu de Manoliño.

- Mira que tes!
- O que?
- Zapatos nos pés!



Luís, petís,
copa de caña,
copa de anís,
caeu da cama
e rompeu o narís.

Donosiña,
bonitiña
garridiña,
vaite para a túa casiña
que é casiña bonitiña.
Deixa a miña
que é feiña.




Pico, pico, mazarico,
Quen che deu tan maño pico?
Doumo Dios para os meus traballos,
para picar nos carballos.
E piquei e repiquei,
e cen graíños encontrei.
E leveinos ao muíño,
e o muíño a moer,
e os ratiños a comer.
Pillei un polo rabo
e tireino naquel cabo;



daquel cabo a Padrón
e de Padrón a Santiago.
E en Santiago collino,
moíno e comino.

Cuco rei,
cantos anos vivirei?
Vinte e cinco?
Non o sei...
Un, dous, tres...




Palma, repalma
moza morena,
como a queres?
Grande ou pequena?



Este foi ao monte,
este axudouno,
este atopou un ovo,
este o cociñou,
e o máis gordiño
todo o papou.


Tantarantán, tarantán, tarantiña,
o que non pensa non ten cabeciña,
tantarantán, tarantán, tarantola,
o que non pensa non ten cabezola.
Pimpirindín, pirindín, pirindolo,
o que non come non ten barrigolo,
Pimpirindín, pirindín, pirindón,
o que non come non ten barrigón.

Este queixo, queixolán,
esta boca pide pan,
este narís, narisete,
estes ollos de pisquete,
toma, toma, carneirete!



Esta neniña pequena
é pequena como un rato,
heina levar ao muíño
e metela nun burato.

Esta neniña pequena
é pequena e ben feita
heina levar a unha festa
metidiña nunha cesta.



Rosiña anda descalza,
Rosiña porque quería,
a casa do zapateiro,
Rosiña ben a sabía.

Serra, compadre,
serra comadre,
na serraría
do señor abade.
Serra, serra
ti polo mar,
e eu pola terra!

Este pandeiro que toca
era de coiro de ovella
onte pacía no campo
e hoxe toca que arrabea.

Repiniquei e repiniquei,
e tres graíños encontrei,
e leveinos ao muíño
o muíño a moer,
os ratiños a comer,
e collín un polo rabo,
e leveino ao mercado,


canto me dá señoriña
por este porco cebado?
Sete mulas e un cabalo.
O cabalo estaba coxo
e leveino ao ferreiro
o ferreiro non estaba na casa,
estaba a muller coas mans na masa,
e fun por unha corredeira torta,
encontrei unha cabra morta,
deille un puntapé
e a cabra fixo:
bee, bee, bee



Sei amasar,
sei peneirar,
sei dar a volta
por riba do mar.

Un, dous, tres, zapatiño quieto é.





Imos de paseo
co gato no seo
e se nos rabuña
cortámoslle as uñas;
e se nos mauea
cortámoslle as meas.

Abaixo peta o carteiro
cantas cartas traerá?
Se son de Pepe non llas quero,
se son de Xulio, veñan máis.
Unha , dúas e tres (ata dez).

Luns, martes, mércores,
xoves, venres, sábado, domingo.
Primavera, verán,
outono, inverno.
Xaneiro, febreiro, marzo, etc
Unha, dúas, tres
catro, cinco, seis...

Unha,
dola,
tela,
catola,
semana,
badana,
chinchín,
carroupín,
catro pés
que fan dez.

Unha, dola
tela, catola
quina, quinete.
Estaba a raíña
no seu gabinete.
Veu Xil,
rompeu o candil,
candil, candilón,
fora canón!



Unha, dúas, tres e catro
Margarita ten un gato
que lle limpa os zapatos,
e lle dá de merendar,
choco choco chocolate
choco chocolate e pan.

Pelo,
gato,
vinte,
catro,
un,



dous,
tres,
catro.

Pavís, pavós
a filla do rei,
casada con vós,
escollede vós.






4. O Espazo, o Tempo e os Ciclos Festivos

Marzo, espigarzo,
abril, pendoril,
maio, granado,
San Xoán, segado.

Canta a rula, canta o cuco,
tamén canta a bubela;
cantan os bechiños todos
no tempo da primavera.





Febreiriño curto
cos teus días vinteoito;
se duraras máis catro
non quedaba can nin gato,
nin ratiño no burato,
nin ovella rabela,
nin pastor para ir con ela.

Día de Entroido
e día de Pascua
cada larpeiro
na súa casa.

Levántate maio,
que tanto durmiches;
pasou o inverno
e non o sentiches.

Lume de San Xoán
que non me trabe
cadela nin can,
nin bicho, nin cobra
que estea entre o pan!

Xa nace o trigo,
xa temos pan.
Xa canta o cuco,
xa temos vran.



Chove pausiño para as sombras,
chove para abaixo e para arriba.
O aire de soño en soño,
a auga pinga que pinga.

Frío, frío, coma a auga do río.
Morno, morno,
coma a auga do chorro.
Quente, quente,
coma a auga que ferve.

Anivello con ben vaias,
Aninovo con ben veñas
como brinca o setestrela
na casa das ovellas.

Nubes na montaña,
mozas á borralla.

Nubes na ribeira,
mozas á soleira.



Polo San Martiño,
andan as noces a roliño.

Polo San Martiño, trompos ao camiño
O que pon os allos polo San Martiño,
pon para el e para o veciño

Marzo, marzolo, trebón e raiolo.


Marzo, marzán, pola mañá cara de
rosa, pola noite cara de can.

En abril sae o cuco do cubil.
En abril, augas mil.
En San Xoán,
a sardiña molla o pan.



5. Adiviñas

Alto Pepiño
redondo molete,
que chova, que neve,
que non se derrete.
(O sol)



Unha señorita
moi señoritada,
sempre vai en coche
e sempre vai mollada.
(A lingua)


Unha señorita
moi señoritada,
con moitos remendos
e ningunha puntada.
(A galiña)



Voo sen ás,
asubío sen boca,
azouto sen mans
e ti nin me ves nin me tocas.
(O vento)

A pesar de ter patas
non me podo mover;
teño ás costas a comida
e non a podo comer.
(A mesa)

No alto nace
no alto medra,
no alto tece
a tecedeira.
(A araña)



Dúas torres altas
dous miradores,
un espantamoscas
e catro andadores.
(A vaca)

Ten ollos de gato
e gato non é.
Quen é?
(A gata)

Na terra teño un curmán
pero estou feliz no mar.
Cabalgo nas augas calmas
e agóchome nas algas.
(O cabaliño de mar)


No alto me vexo
e non pestañexo.
Ladrón vexo vir
e non podo fuxir.
(A froita na árbore)



Un paxaro de ferro,
come homes polas ás,
calza botas carroulas,
voa sen batexar.

Ten peteiro de nacre,
e non sabe pirlar.

(O avión)



Doce señoritas,
todas na varanda,
todas levan medias
e sen zapatos andan.
(O reloxo)



6. Outros ditos e refráns

O que non sabe mañas,
non come castañas.

Vale máis pan duro
que pedras moles.

Non hai mal que
cen anos dure.

A can fraco todo son pulgas.

Tanto ten Xan como Pericán.

Nunca choveu que
non escampara.



Hai que gardar das
risas para as choras.



Na casa do ferreiro coitelo
de pau, e na do carpinteiro
sentado no chan.



Pallas mortas non alumean.

Nunca chove a gusto de todos.



Tanto te vexo tanto te quero.



Quen con lobos anda, a ouvear aprende.

Cada un na súa casa sempre está mellor que na praza.

A pan duro, dente agudo.

Onde hai fume, hai lume.

Dime con quen andas e direiche quen es.



Ao traballo feito non lle corre
présa.

Auga pasada non move muíños.

Vale máis o que o lume deixa que o
que a auga leva.

Leña verde e xente nova todo é
fume.



Tal lle din ao home que tal corazón
lle poñen.

Atrás virá quen bo me fará.

Un gran non fai graneiro pero
axuda ao compañeiro.

Vale máis andar que ornear.

É de ben nacido ser agradecido.

Mans que non dades, que esperades?



Quen mal anda mal acaba.

O que espera polo da fóra, vén tarde e sen hora.

Cóllese máis pronto un mentireiro ca un coxo.

Onde hai papeis calan barbas.

O que se abriga debaixo da folla, dúas veces se molla.

Sabe máis o demo por vello que
por demo.

Dende que o sol se pon pouco día
queda.

Xan calado é bo home.



Gato con guantes non pilla ratos.
Ovella que berra bocado que
perde.

De grandes ceas, están as
sepulturas cheas.

Vale máis pouco de moitos, que
moito de poucos.

Pouco me dades e menos levades.

Non hai pouco que non chegue nin
moito que non se acabe.

O que non rouban os ladróns,
aparece polos rincóns.

Quen a segue, a consegue.

Máis vale previr que curar.

Palabra dita e pedra solta non
teñen volta.

Non hai mellor desprezo que non
dar aprecio.

O que garda sempre ten.



*“A literatura oral, é un modo literario esencial na vida dos nenos e nenas,
porque a palabra está impregnada de afectividade”*

Palmira G. Boullosa

